

Senda peonil
entre O Castro e
As Neves

Páxina VIII



O Carné Xove no
Espazo Termal
Teáns-Oleiros

Páxina IX



Tui aproba o seu
I Plan para
a Infancia
e Adolescencia

Páxina X



Vigo aproba un
novo PXOM

Páxina XIV



Arbo mellora os
sendeiros do
Miño, Deva e
Pescadores

Páxina VIII



A PLISAN
interesa
en China

Páxina XVI



Concurso de pinchos e Festas de Ourense

Páxinas II e IV

Entrevista



Rafael Lores

Ex concelleiro do PSOE de Baiona

“Os criterios para o recheio do Porto
Deportivo son do século pasado”

Páxina XII

RESTAURANTE
Pizzeria

SAN MARTÍN
desde 1994

Avda. Ciclista Delio Rodríguez ,10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com

Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508

Óptica mahen
Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTEAREAS
rúa senén canido, 4

OURENSE

Concurso de pinchos 2025 do 13 ao 21 de xuño

A Concellería de Turismo e Termalismo, organiza a acción promocional "Concurso de Pinchos 2025" coa finalidade de achegar e dar a coñecer a riqueza gastronómica da cidade e as distintas propostas dos establecementos hostaleiros entre os cidadáns e visitantes de Ourense. O concurso terá lugar do 13 ao 21 de xuño de 2025 (ambos incluídos).

De non cubrirse a participación cun mínimo de 50 establecementos, a organización poderá decidir a suspensión desta edición do concurso. Os prezos dos pinchos participantes oscilarán entre os 2,50 € e os 4 € (IVE incluído).

Cada local deberá indicar no

momento da inscrición en que categoría se inscribe, podendo presentarse simultaneamente nas dúas, pero só cun único pincho por categoría. Os locais de hostelería gañadores recibirán un premio económico. O sistema de puntuación será media ponderada, xurado/público, ou só xurado, dependendo da modalidade.

Clásico (premios outorgados por público e xurado, media ponderada), para pinchos tradicionais ou habituais dos establecementos hostaleiros que xa estivesen no menú do local con anterioridade á publicación das bases e que se manterán toda a tempada.

Innovación 2025 (premios outorgados por público e xurado,

media ponderada), para creacións inéditas e orixinais, que utilicen produtos, técnicas de elaboración e presentación innovadoras, así como orixinalidade e presentación fermosa, sen perder o obxectivo de aportar un sabor exquisito. Nesta categoría non se admitirá ningún pincho que xa fose presentado en edicións anteriores do concurso Sabores de Ourense. En caso de que o pincho de innovación resultase gañador dalgún dos premios do concurso, o hostaleiro comprométese a mantelo a disposición do público no establecemento como mínimo un mes máis dende a data da entrega de premios.

Celíaco (premio adicional outorgado polo xurado) para os pinchos que non empreguen glute na súa elaboración e polo tanto sexan aptos para celíacos.

Concederanse os seguintes premios con dotación económica: Pincho Clásico 1º premio de 1.500 €. 2º premio de 1.000 €. 3º premio de 500 €. Pincho Innovación 2025. 1º premio de 1.500 €. 2º premio de 1.000 €. 3º premio de 500 €. Pincho Celíaco. Premio



Representantes do sector hostaleiro de Ourense.

de 400 €.

Xurado e público

A organización do concurso designará un xurado profesional, formado por un mínimo de 10 persoas escollidas pola organización discrecionalmente, que pasará a probar os pinchos polos establecementos para valoralos. Os establecementos participantes non poderán cobrar aos membros deste xurado o prezo dos pinchos nin a consumición que os acompañe.

Os clientes maiores de idade dos establecementos participantes que consuman os pinchos participantes durante o concurso poderán valoralos a través do formulario da web www.ourense.gal ou da app do Concello de Ourense, que deberá ser completado cos datos solicitados e ir acompañado dunha fotografía do ticket da

consumición do cliente para validar o voto, debendo especificar en cada local a categoría de clásico ou innovación.

Recompilando todos os votos válidos emitidos, obterase unha clasificación de todos os pinchos participantes de acordo co criterio do público. Cada cliente só pode votar una vez cada pincho de concurso.

Cada voto válido emitido polos clientes entrará no sorteo dunha serie de premios promocionais que se concederán co obxecto de recompensar e impulsar a participación do público. Para a participación neste sorteo, cada voto deberá indicar os datos de contacto do cliente e o seu consentimento ao tratamento dos seus datos. Os premios faranse públicos nunha cerimonia que terá lugar o domingo 22 de xuño.



Os fogos artificiais das festas lanzaranse desde a Ponte do Milenio

As Festas de Ourense 2025, do 18 ao 22 de xuño, incluírán por primeira vez unha tirada de fogos artificiais desde a Ponte do Milenio. Será nunha dobre sesión, que se desenvolverá na noite do domingo, 22 de xuño, desde as 23.59 horas. O goberno municipal ultima os preparativos desta tradicional cita das festas da cidade, que este ano terá como novidade a elección da Ponte do Milenio, que lle dará unha maior vistosidade ao espectáculo.

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, avanza que: “este ano os fogos artificiais serán especiais porque haberá dobre sesión e porque por primeira vez na historia lanzaranse desde a Ponte do Milenio. A vistosidade será moitísimo maior, xa que se aumentan as zonas de visionado para o público. Ademais, os fogos serán moito máis espectaculares xa que se lanzarán desde unha altura maior. Tamén porán en valor a Ponte do Milenio a nivel de espectáculo. Desde



a súa inauguración en 2001 nunca se tiraron os fogos desde alí, e estamos seguros de que é o sitio ideal”.

O público poderá contemplar o espectáculo desde a zona do Ribeiriño, na marxe dereita do río Miño, (lugar desde o que se tiraban os fogos nos anos anteriores), ademais de desde a Ponte Vella, a contorna da Policía Local ou a rúa Pardo de Cela. Porén, non se recomenda o visionado desde a marxe esquerda do río.

Citas co rock en Ourense ate outubro

O primeiro dos Concertos do Xacobeo da Xunta de Galicia este verán na provincia de Ourense, terá lugar na explanada de Expourense o sábado 12 de xullo, da man de bandas de referencia internacionais, nacionais e galegas como The Waterboys, Morgan, Escuchando Elefantes e Tesouro.

O 23 de agosto chegaralle a súa quenda a todo un referente da escena galega, Sés, que actuará no claustro do Mosteiro de San Salvador,

en Celanova.

Xa en setembro, a Alameda do Toural, en Xinzo da Limia, será testemuña dos directos de La Guardia e Habitación Vudú.

Finalmente, o sábado 11 de outubro, Ou Yeah! ofrecerá a súa derradeira xornada por todo o alto no Pazo dos Deportes Paco Paz de Ourense, cun dos grandes referentes internacionais do rock progresivo das últimas décadas, Jethro Tull.

Godello Adega Vella primeiro premio na cata de Vinis Terrae



Caseta de Adega Vella en Vinis Terrae 2025.

Vinis Terrae celebrou en Expourense a undécima edición despois de cumprir as expectativas dos 47 expositores que mostraron a súa satisfacción pola cantidade e calidade das citas de negocio mantidas cos 47 compradores e importadores de 18 países que participaban nesta edición. Foron en total máis de 800 reunións de negocio ás que hai que sumar as que xurdiron con algunhas das máis de 1.000 visitas de profesionais que se achegaron ata o recinto feiral, xa que ademais da misión de importadores, participaron na feira profesionais da restauración, hostalería ou distribución do sector do mercado nacional.

A cata extraordinaria Ourense

Vinis Terrae celebrou a súa cuarta edición e estivo dirixida pola catadora galega Mercedes González e contou cun panel de cata integrado por expertos de distintos consellos reguladores galegos e catadores e enólogos/enólogas de distintas partes de España.

Na categoría de viños brancos o primeiro premio foi para “988 Godello 2024” de Adega Vella Xeracións, da denominación de Orixe Ribeira Sacra. Na categoría de viños tintos o primeiro premio foi para “O Tinto de Candeas e Valentina 2024” de Casal do Canteiro, da denominación de orixe Ribeiro. Na categoría de outras anadas recibiu o primeiro premio “Viladequinta” (2020) de Adega O Cabalín (Valdeorras).

Taberna  Enxebre

Tfno 607 085 027
Rúa Unión, 2. Ourense



PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
PLATOS
“VEGETARIANOS Y VEGANOS”


Bar

Rúa Unión 1
651 853 881





D'AURIA

Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

Tapas
revoltos
montados


ALPENDRE
PULPO

Rúa Fornos, 2. Casco Vello. Ourense

OURENSE

Festas de Ourense do 18 ao 22 de xuño

A contorna do Pavillón dos Remedios (rúa Pardo de Cela) será escenario de moitas das actividades, como o pregón de Luis Zahera, o espectáculo de drones, as actuacións das orquestras e dos cantantes Nil Moliner e Justin Quiles, e as sesións de DJs.

A programación inclúe tamén propostas como o mercado medieval (que estará na contorna da Ponte Vella), as atraccións festivas e a festa das cores (na zona do Barbaña), unha xincana inchable infantil (parque da Ponte Vella, A Ponte), a Feira do Libro (Parque de San Lázaro), os fogos artificiais, o Concurso de Pinchos ou os torneos de fútbolín e breaking, entre outras.

A práctica totalidade dos eventos das Festas de Ourense 2025 contan con financiamento total do Concello, mentres uns poucos son de financiamento parcial, segundo informan desde o Concello.

No pavillón dos Remedios, Rúa Pardo de Cela, mércores 18, pregón de Luis Zahera, 22.30 h. Espectáculo de 150 drones na Ponte Vella. Orquestra Olympus, de 21.00 a 22.30 e de 23.20 a 01.00 h. Xoves, 19. Ou Mama (con Gramola). Gratuito, cos DJs top Ballesteros, Kike Varela, Cristian RB, Pablo Marques e DMirón, 23 a 3 h. Venres, 20. Concerto de Nil Moliner, 23.00 h. Gratuito, con posterior sesión DJ. Sábado, 21. Concerto de Justin Quiles. 23.00 hoas, gratuito (patrocinado por Axencia Turismo de Galicia, no marco dos Concertos do Xacobeo). Verbena oitenteira, co mellor grupo español de versións, Assia, de 21.30 a 22.30 h e de 23.59 a 02.00 h, na Praza de Concepción



A Rúa Pardo de Cela, no Couto, acollerá moitos espectáculos festivos.

Arenal. Domingo, 22. Orquestra Cañón, de 21.00 a 23.45 h (con entrega dos premios do concurso de Pinchos de Ourense). Fogos artificiais. 23.59 h (visionado desde a Ponte Vella, rúa Ribeiriño, A Chavasqueira e rúa Francisco Llorens) Patrocinado por KISS FM. **Outros actos e localizacións**

Festa das cores: para público infantil e adulto. Sábado, 19.30 h, no Parque do Barbaña (baixo a pasarela da Alameda). Gratuita. Xincana inchable infantil, diaria e gratuíta, mércores, xoves e venres (de 17 a 20 h), sábado e domingo (de 11.30 a 13 e de 17 a 20 h), no parque anexo á Ponte Vella (A Ponte). Atraccións festivas: mércores, xoves e venres (19 a 2) e sábado e domingo (de 17 a 2 h) na zona do Barbaña. Mercado medieval, de mércores a domingo, de 11 a 1 da madrugada (agás o domingo, cando rematará

ás 23 h), na contorna da Ponte Vella. Feira do libro: de mércores a sábado, 11 a 14 h e 18 a 21.30 h, no Parque de San Lázaro.

Trofeo de Fútbolín de Ourense. O sábado todo o día até a madrugada no pavillón anexo dos Remedios (con torneo exprés o día anterior, venres, ás 20). II Breaking Cidade de Ourense "Fresh designs breaking battle". O sábado de 16 a 21 h na contorna do Pavillón. Concurso de Pinchos de Ourense: do venres 13 ao sábado 21.

Ademais, a fin de semana previa ás festas desenvolverase o Ralie de Ourense (13 e 14 de xuño), con arrincada/presentación no Parque San Lázaro, o xoves 12 ás 23:59 h. Esa mesma fin de semana, do 12 ao 15 de xuño disputarase o Torneo cadete de fútbol de Ourense con Real Madrid, Atlético, Porto, Celta, Bilbao, Pavillón no estadio do Couto.

Concurso de Pintura Rápida en Ponte Vella

O próximo 28 de xuño, entre as 10:00 e as 15:00 horas, celebrarase a I edición do Concurso de Pintura Rápida modalidade e estilo libre e organizado polo Centro Comercial Ponte Vella coa colaboración da Fundación Cum Laude.

O certame desenvolverase baixo o título "Desde Ponte Vella e a súa contorna" e a participación é totalmente aberta a calquera persoa sen límites de idade.

Os interesados deberán inscribirse antes do 27 de xuño por correo electrónico ou na web de Ponte Vella. O sábado 28 de xuño, entre as 10 e as 11 da mañá, os participantes deberán acudir ao Centro Comercial para a selaxe e numeración dos soportes que deberán estar en branco con cor uniforme e ter unhas dimensións mínimas.

O fallo do xurado coñecerase o mesmo día, ás cinco da tarde e corresponderá a un xurado integrado por persoas vinculadas ao mundo da arte. Haberá dous premios: o primeiro, de 1.000 euros e un segundo premio de 500 euros.

Tizar
Gourmet

Tel: 988 78 26 89
Tel: 633 84 90 10
Plaza de Santa Eufemia, 5
32005 Orense
tizargourmet@gmail.com
Facebook @tizargourmet
Instagram @tizargourmet

TEAM
RETRO VINTAGE
COMPRÁ VENTA DE ROPA

Peña Trevinca, 1. (Frente Carmelitas)
666 61 09 08 . OURENSE

TAPERÍA
a barbería

Especialidade en comidas caseiras
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

Bar Orellas

Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado. Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico. Queixo manchego e Arzúa.

Santo Domingo, 2
988 37 25 59 OURENSE

0 Rallie de Ourense cumpre 58 edicións

A 58 edición do Rallie de Ourense celebrarase ao longo da fin de semana do 13 e 14 de xuño. A proba chega a catro novos concellos: A Arnoia, Ribadavia, Cenlle e San Amaro, ademais de Celanova, Toén, Taboada, Amoeiro e A Merca que repiten este ano na folla de ruta.

Serán catorce tramos que completarán 500 quilómetros, 159 cronometrados. Comezará ás 22 horas do xoves día 12 coa saída dos 76 equipos desde o Parque de San Lázaro onde o sábado día 14 entregarán os premios. Oito-centas persoas integran o equipo da organización.

“O Rallie de Ourense leva 58 edicións forxándose como un dos nosos grandes



O piloto Borja Suarez Río e o copiloto José Antonio Freire.

tesouros no ámbito do patrimonio deportivo e turístico” dixo o presidente da Deputación Luís Menor quen rememorou como aqueles visionarios como

portivo, é parte da nosa identidade”, destacando que este é un dos grandes motivos polo que “a Deputación de Ourense sempre estará ao seu carón”.

“Lalao” (Estanislao Reverter), Alfonso Bouzo, J. Luis Outeiriño, Emilio Pérez e Antonio Fraga, entre outros, decatáranse no ano 1967 do potencial que tiñan entre as mans e organizaran a primeira edición.

Menor reivindicou que “o Rallie de Ourense é provincia, moito máis que un evento deportivo, é parte da nosa identidade”, destacando que este é un dos grandes motivos polo que “a Deputación de Ourense sempre estará ao seu carón”.

PSdeG lamenta que Rueda rexeite financiación do Estado para vivenda

L ogo da Conferencia de Presidentes en Barcelona, o PSdeG en Ourense lamentan que Alfonso Rueda regresase de ese encontro sen propostas concretas para Galicia e que asistise ao mesmo coa única intención de cumprir co guion do PP. “Temos que reprochar ao presidente da Xunta que continúe a facer seguidismo de Alberto Núñez Feijóo e non se preocupe polos galegos e as galegas”, critica a deputada do PSdeG no Parlamento Carmen Rodríguez Dacosta.

Lamenta que o PP poña difícil avanzar e asista a una reunión tan importante preferindo falar de eleccións anticipadas antes que de vivenda, sanidade ou financiamento autonómico. “Rechazou un plan para liberar fondos para ampliar a vivenda pública na nosa Comunidade Autónoma cando a situación en Ourense reflicte que temos un problema habitacional moi importante e estes fondos permitirían a moitos mozos e mozas, ou persoas con menores recursos económicos, obter solución a unha das súas maiores preocupacións”, continúa destacando a tamén vicesecretaría xeral de Relacións Institucionais da Comisión Executiva Provincial dos e das socialistas.

Pedro Sánchez propuxo financiar con 7.000 millóns de euros a construción de vivenda pública. “Pero para que isto funcione, as administracións autonómicas e locais teñen que estar á altura e en Ourense nin a Xunta nin o Concello o están”, incide a responsable de Vivenda na Comisión Executiva Municipal do PSdeG, e edil na cidade, Alba Iglesias.

Cantos de Taberna na zona de viños

C atro grupos musicais participaron na celebración “Hai que cantar” na Casco Vello de Ourense. Os Relamidos, As Macizas Centrais, Netas do Arnoia e Grupo Xoldra actuaron nos locais de hostalería: Bar Orellas da Praza do Ferro; O Sol e Bar Orellas da Rúa da Paz, e Taberna El París, da Rúa Lepanto.

Foi a sexta edición celebrada en Ourense aínda que comezara no ano 2014. A pandemia e outras vicisitudes impediron convocar as edicións en anos consecutivos.



Actuación do Grupo Xoldra na Rúa Lepanto.

Afouteza
TABERNA

Especialidad: arroz meloso con gambas y pulpo.
Tostas, ensaladas, huevos rotos, bacalao
Comida gallega.
Cerrado domingos tardes y lunes todo el día.

Tfno. 611 18 27 93
Instagram: @afoouteza
Rúa Lepanto, 14. Ourense

Capricho

CASCO HISTÓRICO OURENSE
Rúa Lepanto, 17 - bajo - OURENSE
Tfno. 988 981 601

EL CARIBEÑO

Menú e carta.
Sábados carne ó caldeiro.
Variedade de pinchos.
Comedor e terraza interiores.
Sala de: fútbolín, billar, diana e dominó.

Rúa Velázquez, 17
O Couto. Ourense
Tfno. 662 55 04 81

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

OPINIÓN

Por Fito Álvarez

Non hai “peros” para o xenocidio: cando a ideoloxía política nubla a conciencia

Hai momentos nos que a historia pon a proba non só as nosas ideas, senón a nosa humanidade. O que Israel está a facer co pobo palestino non admite medias tintas nin escusas ideolóxicas. Con todo, hai quen, desde determinadas correntes políticas empéñanse en mirar cara a outro lado, xustificar o inxustificable ou caer nun relativismo que converte a palabra “solidariedade” en fume.



Condénase o xenocidio “pero”...
Denúnciase a ocupación “aínda que”...
Se lamentan os mortos, sempre que haxa un contexto...

Ese contexto xa está escrito: máis de 75 anos de colonización, limpeza étnica, apartheid e crimes de guerra. O que está a ocorrer agora en Gaza é un masacre retransmitido en directo, con nenos mutilados, familias enterradas baixo os entullos e hospitais bombardeados. É un xenocidio, segundo definen expertos en dereito internacional, sobreviventes doutros xenocidios e ata funcionarios de Nacións Unidas. Non é unha “guerra” entre iguais, nin unha reacción “desproporcionada”; é un sistema de opresión que converteu a todo un pobo en prescindible.

En que momento a túa ideoloxía te deshumanizou?

Cando a análise xeopolítica vale máis

que a vida de miles de persoas, hai algo roto. Cando defender ao pobo palestino convértese nunha ameaza ás túas alianzas, ao teu discurso antiimperialista mal dixerido, ou ao teu medo a que che acusen de “antise-mita”, entón xa non estás a defender dereitos humanos, estás a defender un relato á conta do sufrimento real.

Non hai escusas válidas. Calar, xustificar ou maquillar os crimes de Israel é ser cómplice. Non importa se te consideras de esquerdas, progresista ou crítico con Occidente. Se non estás con Palestina de forma clara, sen peros, sen matices, sen covardía, entón non estás coa xustiza.

Porque hai cousas que non se poden xustificar. E un xenocidio é unha delas.



Por Baldomero Iglesias Dobarrío. Mero.

Incapaces

A perspectiva dos tempos deixa un sabor acedo sobre todo cando vemos nas incompetencias daqueles que empregan o poder e non fan nin deixan facer, nin sequera aprenden, mais caen de seguido nos supostos erros que o mesmo poder contaxia e que son propios de non pisar terra, de evadir a relación directa coa xente do común, para saber das preocupacións do día a día que todas e todos temos. Mentres, atenden consignas de partido, adoutrinadores de salón. Si, e esa ostentidade que os distancia da terra, do pobo que -seica- os escolleu, fainos agora padecer -pobriños eles- as consecuencias de séculos de historia tentando entender o que non aprenden nin queren entender. Teñen que ocorrer desgrazas, unha e outra vez, para que nos deamos conta das cousas. Ten que caer o poste da luz enriba dunha persoa para que no concello se dean conta do mal que estaba e do mal que despois causou. Son incapaces de atallar o problema, a pesar das advertencias previas que houbera, a pesar de que se vía vir. Non fixeron nada, non tomaron a precaución da dor. Tampouco advertiron a súa incompetencia. Foron irresponsables e deberan pagar pola súa



desidia. Isto pasa todos os días, diante dos nosos ollos, e case toda aquela xente que teñen responsabilidade de goberno deberan pagar esa súa irresponsabilidade, polo menos devolvendo o sitio ocupado e

os beneficios troquelados, polo menos reintegrando o soldo recibido e talmente roubado. Ocorre en todos os organismos, tamén na sanidade. Cun tema que nos afecta grandemente. Non hai médicos para o servizo, agora si, xa precarizado e cheo de problemas. Non hai médicos porque non o consideraron importante. Víase vir. Haber, hai profesionais médicas e ateeses, moitas e bos, pero marchan, aquí non teñen o recoñecemento social que merecen, comezando por eles, os que seica din gobernar. Hai tamén un clamor popular porque aínda permanecen os recortes económicos cos que pretendían xestionar un servizo público cada vez máis demandado, cada vez máis privatizado. Toda a xente está até o gorro da súa incompetencia.

O exemplo está claro cando vemos tamén a axilidade que teñen para subirse -eles mesmos, xa xefes de calquera gabinete- os seus soldos, nunca hai problema, súbeno e punto. Nin para os banquetes que montan en calquera evento, sexa ou non necesario.

Non faltan orzamentos para técnicos e asesores, prebendas remuneradas xenerosamente para corruptelas que omiten ser ditas e aclaradas, baleiros da lei por onde se colan negocios e negociados. Témolos diante, sucede noutros eidos do ben común, non só na sanidade. Na educación, que debera estar mimada e atendida para que cada vez sexa unha atención máis personalizada, máis directa e responsable. Nesas asistencias á dependencia, nesas inversións en saúde rural, nesas necesarias inversións en cultura e educación, a educación tamén noutras idades, en ciencia e tecnoloxías. Pois si, esta xente que di dirixirnos deste xeito, levan anos chupando do frasco, no mellor dos casos sen facer nada e cando fan algo consiste en omitir o servizo da atención debida á sociedade, á que deberan servir, porque a pesar de todo seica foi quen os meteu aí e que á súa vez os ten subidos ao poder, onde repito no mellor dos casos non fixeron nada por mellorar nada. Esa tamén é unha ideoloxía maligna que nos afecta, que debera ser castigada e penalizada, a lo menos cuestionada, por seguir a ocupar postos nos que non defenden o porvir, nin atenden ás necesidades do pobo.



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

García Cotarelo, arquitecto da estrutura administrativa da Xunta de Galicia

O Concello de A Pontenova nomeou Fillo Predilecto a Xosé Antón García Cotarelo. Os motivos para tal honra son os que expuxo na súa proposta dirixida ao Alcalde a Asociación de Funcionarios para a Normalización, que se resume nesta inequívoca cualificación: o seu maxisterio galeguizador foi decisivo para a normalización da lingua galega nos usos administrativos na Xunta de Galicia. O factor desencadeante da dinamización dese proceso foi a edición monolingüe do Diario Oficial de Galicia, abeirando unha falsa interpretación do alcance da cooficialidade lingüística coas versións a dobre columna en cadanseu idioma como se viña facendo desde a constitución da Xunta de Galicia.

Tal suceso aconteceu o día 3 de xullo de 1984. Ese día o Diario Oficial de Galicia publicouse por primeira vez en lingua galega. Un fito decisivo para inculturar os milleiros de funcionarios que se incorporaban á administración autonómica. Como consecuencia de tal decisión os boletíns oficiais dalgunhas deputacións provinciais secundaron o exemplo. O Parlamento de

Galicia, tres días despois, fixo o mesmo abandonando a caricatura do alcance da cooficialidade lingüística coa edición monolingüe do seu Boletín Oficial.

Nestas reconversións lingüísticas tivo moito que ver a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística da que Pepe Cotarelo era socio. Lembro que despois de moito tempo falando da oportunidade de dar esa viraxe, un bo día, no “Mesón Roberto”, un antigo muiño convertido nun exitoso restaurante situado no Campus Sur da USC, Xoaquín Monteragudo, Pepe Cotarelo e un servidor acordáramos que xa era hora de mudar os hábitos lingüísticos na administración autonómica. Así pasamos dos ditos aos feitos.

Este proceso de galeguización administrativa ten un antecedente na “Declaración dos Alcaldes Galegos”, de maio de 1984, promovida tamén pola AFNLG e asinada por rexedores municipais nun acto ben concorrido coa asistencia de 197 alcaldes celebrado no Hostal dos Reis Católicos. Como anécdota chocalleira cómpre salientar que os catro alcaldes nacionalistas

que había en Galicia non a asinaron. Iso si, quixeron participar a súa maneira, recibindo aos convocados cunha pancarta que tiña unha frase ben curiosa: “Non ao bilingüismo”. Mentían a mantenta, porque a Declaración dos alcaldes tiña unha orientación monolingüe, como aconteceu meses despois coas publicacións oficiais antes mencionadas. Tiñan que dar a nota.

Pepe Cotarelo era por entón Secretario Xeral Técnico da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, encargado de coordinar os demais secretarios xerais técnicos das demais consellerías, labor que facía con auctoritas, potestas, mestría e eficacia. Del dependía a edición do Diario Oficial de Galicia. Os filólogos Xermán García Cancela, Inés Ruibal e Merche Penoucos foron os encargados de que os textos se publicasen coa debida corrección lingüística, fixando as bases dunha linguaxe xurídico-administrativa.

Foi un cualificado Técnico da Administración Civil do Estado destinado no Ministerio do Interior. Ese era o seu aval profesional. Chegou a Santiago par poñer en pé a arquitectura xurídico-administrativa dunha administración que carecía de persoal cualificado, evitando situacións esperpénticas como aquela na que durante un día houbo dous Conselleiros de Cultura, Filgueira Valverde e Alejandrino Fernández Barreiro. Publicaran o nomeamento de Alejandrino, pero esqueceran publicar o cesamento de Filgueira.

Pepe Cotarelo amais dun experto en dereito administrativo no exercicio das súas funcións foi un culto humanista, coñecedor das linguas clásicas; mesmo podía manter unha conversa en latín e escribiu cun académica corrección. A el débese a creación do Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia, que editou vinte e sete volumes da colección baixo o rubro “Clásicos en Galego”. Foi o primeiro proxecto editorial de tradución de textos grecolatinos ao noso idioma, amais doutros manuais moi útiles para divulgar a nosa tradición xurídica.

Pepe García Cotarelo foi o que artellou a estrutura xurídico-administrativa da Xunta de Galicia, e ambientador de galeguidade dos seus servizos. Malia este esforzo, nunca recibiu a Medalla de Galicia nin a de Castela; é merecedor de calquera delas. Outros con menos méritos foron condecorados con tales distintivos. Nunca é tarde se o señor Presidente da Xunta de Galicia decide concederlle unha delas o próximo ano.

A nós, os amigos da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, cómprenos facer público este recoñecemento. Como dixeran Cicerón no seu tratado sobre a amizade, “fagamos polos amigos cousas honestas e non agardemos sequera que nolo pidan”.



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O problema cultural da España española

Seica o galego Núñez Feijóo, líder estatal do PP, foi ver unha tourada de esas da feira madrileña de San Isidro e o público (esa substancialidade dos “españoles muy españoles y mucho españoles” -que dixo Rajoy-, disque de puro, caravel e gin tónico) descubriu o que as galegas e galegos todos sabíamos: que o das Peares non gusta das touradas nin entende delas, como máis do 90% da cidadanía galega, que militamos, quer na indiferenza, quer no aberto arrepio por un espectáculo cruel e en evidente devalo canto ás afeccións mesmo nesa “España española”, que delimita o profesor Bastos (USC). O que nos sitúa a galegos e galegas na amplísima maioría europea que refuga deste caduco espectáculo.

Non é o asunto das touradas o único que afasta a cultura dominante desa España española da Europa e mesmo de millóns de cidadáns españois. Ollemos, senón, cara á recorrente participación do Estado español no decadente festival de Eurovisión. Para os factótums españo-madrileños da cousa, dende a época de Uribarri I o Grande, compre enviar nidos represen-



tantes da chamada música española que unha vez e outra tamén, baten contra da teimuda incompreensión dos no points outorgados a esgalla polos xurados profesionais e populares, dende o Dnieper até as fisterras irlandeses do condado de Kerry. “No nos quieren, Carmen”, seica lle dicía o dictador Franco á súa dona (amante recoñecida da xoiería galega e de se esquecer de pagala) cando xuntos, mais non revoltos, pasaban diante do Festival.

Porque cando os Uribarris de quenda puideron amañar o tiro non foron quen ou

non quixeron facelo. Velaí o caso do veto á intervención en catalán de Joan Manuel Serrat (1968) ou o recente amaño para que non participaran as nosas Tanxugueiras (2022), non fora ser que alguén pensase na Europa que a España española non teimase nesa recorrente imaxe cultural internacional que tantos éxitos ten acadado.

Por certo, que mellor para as nosas Tanxugueiras, que tiveron a oportunidade de incrementar exponencialmente o seu coñecemento nos niveis nacional, estatal, europeo e mundial, mentres contribuían á nosa autoestima cultural e nacional e ao recoñecemento internacional da nosa música, lingua e cultura e todo isto sen necesidade de partillar canda un lote de freakies de diferentes extraccións. Por certo alguén sabe algo de Chanel, que naquel 2022 gañou con trampa a candidatura eurovisiva?

O problema cultural da España española ten a ver coa idea da mesma non como Estado plural senón como Imperio. Nun tal marco mental só hai un xeito de ser español, só hai unha lingua española e unha cultura admisíbel. A lingua galega ou as manifestacións culturais galegas,

canda as vascas, catalás, valencianas, mallorquinas ou canarias nunca son consideradas centrais no acervo plural español, canto máis simple folklore rexional. Mais a cuestión non é só nin nomeadamente cultural, senón económica. Velaí a radialidade da alta velocidade e das autovías e a progresiva centralización económica nese Madrid que papou Castela e que, a cabalo da devandita centralización e do dumping fiscal que exerce a súa Administración rexional, vai camiño de papar ao Estado todo. Mais diso xa temos falado e seguiremos a falar.

Así e todo, a cultura política unitarista e centralista española e esa caste de supremacismo imperial a respecto doutras linguas e culturas non atopa na Europa democrática, afeita á pluriculturalidade, moita conexión. Velaí a explicación a moitos anos de historia e moitos fenómenos que dende Madrid adoitan axuizarse cun “no nos quieren”.

A arrincadeira. Parabéns ao Celta!

O Celta acadou posto na Europe League cun gol de Iago Aspas e dende o deporteismo cómpre que lles parabenizemos, como bos galegos. Axiña chegarán tempos de enfrontarmos na Primeira e gañar, mais hoxe é día de recoñecemento aos celtiñas.



CONDADO/PARADANTA

Melloras nos sendeiros do Miño, Deva e Pescadores

O Concello de Arbo iniciou a adxudicación das obras de acondicionamento e mellora dos sendeiros que percorren a beira do Río Miño e do Río Deva, así como do sendeiro dos Pescadores, todos eles protexidos pola Rede Natura, solicitando unha achega a Dirección Xeral de Patrimonio Natural por importe de 21,365,45€.

As actuacións consistirán no seguinte: construción de varandas no Sendeiro do Deva para evitar caídas a distinto nivel; creación dun acceso ao Sendeiro de Pesca-



dores do río Miño no entorno do campo de fútbol; e modificación do trazado no Sendeiro da Moura ocasionado por un derrube.

Senda peonil entre O Castro e As Neves

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de trazado para construír no terceiro trimestre deste ano unha senda de case un quilómetro na estrada PO-400 entre O Castro e As Neves, que permitirá mellorar a seguridade viaria e a mobilidade peonil nun tramo especialmente transitado.

Este investimento de 573.000€ está incluído na 2ª fase do Plan de Sendas de Galicia, que con-



templa a execución ata 2027 de máis de 120 km de itinerarios peonís nas estradas autonómicas.

75€ para material escolar infantil

O Concello de Salvaterra aprobou un ano mais as axudas de 75€ para a adquisición de libros e material escolar de infantil para o curso 2025-2026. Estas axudas para fa-

milias con escasos recursos económicos, cunha renda per capita igual o inferior a 300 euros ó mes, teñen como obxectivo promover o principio de igualdade no exercicio da educación e compensar

ás familias con escasos recursos para facer fronte ós gastos derivados da escolarización dos seus fillos. O prazo de presentación de solicitudes fíxase do 1 de xullo ó 31 de xullo, ambos inclusive.

Piscina, skate e tenis para o verán

O Concello de Salvaterra adianta as obras de melloras da piscina municipal e das pistas de skate e tenis dentro do Plan de Mellora de



Infraestruturas Deportivas Municipais que suman un total de 1M€. A piscina mellorará os seus accesos e a seguridade coa construción dunha nova beirarrúa.

Arbo activa o “Consumo en Ruta”

O Concello de Arbo, da man do Instituto Galego de Consumo e da Competencia (IGCC) da Xunta, pon en marcha o programa “Consumo en Ruta” coñece os teus dereitos” no marco do Plan Estratéxico

do Comercio de Galicia 2025-2030, orientado a fomentar obradoiros de cara á veciñanza para coñecer os dereitos do consumidor e nos subministros do fogar así como dos servizos financeiros e bancarios existentes.

Reforma das instalacións da Caíña

A través dun orzamento de 575.000€, o presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, asinou o convenio de colaboración co Alcalde das Neves, Jose Manuel Alfonso, para o financiamento do proxecto de mellora da accesibilidade, acondicionamento e ampliación das instalacións deportivas mu-



nicipais da área da Caíña, na parroquia de Tortoreos, no marco do Plan +Provincia.

Novas luminarias en Torgan

O Concello de Arbo aprobou unha actuación por 5.645,91 €, financiadas pola Dirección Xeral da Administración Local, para a mellora da infraestrutura de iluminación

no tramo do Barrio Torgan, da PO400 en Arbo, entre outras, substituíndo as luminarias de vapor de sodio por tecnoloxía Led, mellorando así a eficiencia e aforro enerxético.

Problemática común no Río Miño

O pleno do Concello de Salvaterra aprobou unha moción reiterando ao goberno estatal unha xuntanza cos Alcaldes e Alcaldesas dos Concellos do treito internacional do Río Miño coa finalidade de tratar a problemática común do mesmo. Destacan en-

tre estas problemáticas o impacto da biomasa nas marxes do río, a seguridade na navegación cunha maior vixilancia sobre o transporte fluvial, a promoción dunha dragaxe medioambiental sostible e a falta de protección e conservación das “pesqueiras” tradicionais.

Exaltación do Espárrago

O Alcalde de Arbo, Horacio Gil, estivo presente os días 24 e 25 de maio na localidade vallisoletana de Tudela de Duero para asistir á celebración da 41ª Feira de Exal-

tación do Espárrago. Gil acompañou ao Alcalde local Óscar Rodríguez aproveitando a ocasión para promover o potencial gastronómico, cultural e turístico arbense.

AS TAPAS GALEGAS DE TODA A VIDA

PETISQU'EIRA

Rosalia de Castro, 62 - Telf: 639 244 940
SALVATERRA DE MIÑO

TRAGA D'EIRA

Santa Ana, 3 - Telf: 694 416 706
BOUZAS - VIGO

SALVATERRA DE MIÑO

0 Carné Xove no Espazo Termal Teáns-Oleiros

A Directora Xeral de Xuventude, Lara Meneses, e a Alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, asinaron así un convenio no que o Espazo Termal de Teáns-Oleiros, o primeiro espazo lúdico termal de Galicia, se adhire ao programa Carné Xove da Xunta de Galicia, unha iniciativa que busca promover o benestar e a saúde entre a xuventude galega. A partir de agora, os mozos e mozas de entre 12 e 30 anos poderán acceder ás instalacións por só 2 euros.

Por outra banda, o Concello de Salvaterra anunciou a apertura do programa de conciliación Campus



de Verán, cofinanciado pola Deputación, dirixida ós nenos e nenas nados entre o 2013 e o 2021 que

se realizará no CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón durante os meses de xullo e agosto.

Rematadas as obras no campo do Oural

O Concello de Salvaterra ven de rematar as obras dos novos vestiarios no Campo de Fútbol do Oural, en Fornelos, un dos terreos de herba sintética cos que conta o municipio e onde adestran varios equipos locais. Esta obra financiada a través do Plan de Infraestruturas Deportivas da Deputación Pro-



vincial e cofinanciada polo Plan +Provincia, por un valor de máis de 88.000€ tivo por obxectivo modernizar e ampliar os espazos dispoñibles co acondicionamento dos locais existentes debaixo das gradas para crear estes novos vestiarios e poder ampliar a oferta deportiva que ofrece a instalación.

XX Premios de Educación



O Concello de Salvaterra ven de convocar ós XX Premios de Educación 2024/2025 contando coa colaboración do Instituto de Educación Secundaria e dos tres Centros de Educación Primaria do municipio, o CEIP Infante

Felipe, o CEIP de Leirado e o CEP Carlos Casares. Entre os premios están lotes informáticos e tres bolsas de estudo que consisten nunha viaxe de dúas semanas a Brighton (Reino Unido) para este verán.

Licitación de obras na Canuda e parque infantil



O Concello de Salvaterra publicou na plataforma de Contratación do Estado a licitación de dúas obras estratéxicas para o goberno local e que están enfocadas aos máis cativos do municipio. Por un

lado máis de 250.000€ para a Humanización e mellora do Parque Infantil ubicado ao lado do Concello. Por outra banda, máis de 150.000€ para a mellora do Parque Infantil e Área Deportiva da Canuda.

Nova biblioteca no CRA A Lagoa



A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta, Judith Fernández, felicitou á comunidade educativa do Colexio Rural Agrupado CRA A Lagoa, en Salvaterra de Miño, polo seu 25 aniversario,

no marco do acto de apertura da nova e ampliada biblioteca do centro, que está dotada de libros, xogos, material tecnolóxico e de experimentación. Esta iniciativa forma parte do Plan Lía (Lectura, Información e Aprendizaxe).

Promoción agroalimentaria de Salvaterra

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemarte, mantivo unha reunión coa Alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, na que estudaron posibles vías de colaboración para

fomentar a promoción dos seus produtos agroalimentarios de calidade. Tamén participaron representantes da Confraría do Viño do Condado de Tea e Espumosos e de adegas da Denominación de Orixe Rías Baixas.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

0 REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

CHAMBO LIBRIS

ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRAIDROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Vidales Tomé (fronte ao Sportivo). Pontearas

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24

36459 SALVATIERRA (Pontevedra)

Tel/Fax 986 66 15 41

Venta de vehiculos usados

(SPG) TALLERES

BAIXO MIÑO

TUI

O Camiño da Eurocidade

Os peregrinos organizados pola Eurocidade Tui-Valença chegaron a Santiago de Compostela no marco da realización do Camiño Portugués pola Costa. A experiencia comezou en Caminha en maio pasado e percorreu oito etapas: Vila Nova de Cerveira, Valença, Tui, O Porriño, Redondela, Pontevedra, Caldas de Reis, e Padrón.



Exhibición do Judo Club Tudense

O pavillón municipal acolleu a exhibición de fin de curso do Judo Club Tudense, na que nenos e nenas, rapaces e rapazas amosaron os seus progresos ao longo do ano. Ao acto asistiron o alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e o concelleiro de Deportes, Rafael Estévez.



I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia

O I Plan Municipal de Infancia e Adolescencia do Concello de Tui foi aprobado por unanimidade no pleno ordinario do mes de maio. Trátase dun documento estratéxico que marca as liñas de actuación para garantir o benestar, a protección e a participación activa das nenas, nenos e adolescentes tudenses. A súa aprobación é un paso clave no camiño para acadar o



selo de Cidade Amiga da Infancia, promovido por UNICEF.

Exposición “O Herbolario de Rosalía”

Anexo da Sala Municipal de Exposicións, no Edificio Francisco Sánchez, de Tui acollerá ata o 16 de xuño a exposición ‘O Herbario de Rosalía’, conformada por 40 imaxes do Herbario real realizado polas



profesoras María López Sánchez e Isabel Fraga en 2019, con fotografías de Miguel Fraga. Non se trata dun herbario científico, senón dun literario, unha homenaxe á obra rosaliana e á unión da literatura coa natureza.

En Huelva tamén celebran a Romaría de San Telmo



O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, participou na Romaría de San Telmo que organizan anualmente, no terceiro domingo de maio, a Hermandad de San Telmo na localidade onubense de Minas de San Telmo. O rexedor respondeu así ao convite realizado pola Xunta Directiva da Irmandade.

Dende 1973 os veciños de Minas de San Telmo, ao norte da provincia de Huelva, celebran esta romaría consolidada ao longo destes anos. Dende 2011 se estableceron relacións coas confrarías de San Telmo de Tui e Frómista. Cabaleiro convidou á Hermandad de San Telmo a visitar Tui en 2026.

“Mercarte”, unha aposta pola artesanía local

Ata o 15 de xuño a Oficina Municipal de Turismo de Tui acolle a feira de arte local “Mercarte”, na que participan empresas locais como Charria Ceramics, Cabuxa, Essentia HM, Mar Jewelrin e Aida Alonso con pezas de cerámica,



arte de pel, artesanía, xoiería e ilustración.

O BNG pide solucións para o Miño transfronteirizo

Unha xornada organizada pola Fundación Galiza Sempre, a voceira do BNG Ana Pontón, a eurodeputada Ana Miranda, a senadora Carme da Silva, así como deputadas e alcaldesas do BNG esixiron en Tui “solucións solventes” para a problemática do Miño transfronteirizo, particu-

larmente a urxente adopción dunha estratexia común e unha actuación integral de recuperación ambiental do río, tomando en conta o seu recoñecemento e protección ambiental a nivel europeo, ao estar incluído na Rede Natura 2000 como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC).

Saturnino Montero
IMPRESA
TIPOGRAFIA - OFFSET
IMPRESION DIGITAL
C/. Virgen de los Remedios, N.º 12
36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
imprentamontero@gmail.com

TARJETAS DE VISITA
Y CARTELERIA
A TODO COLOR
TALONARIOS • RIFAS
CARTAS • SOBRES
CARPETAS • PUBLICIDAD
ROTULACION EN VINOLO
SELLOS DE CAUCHO
FOTOCOPIAS B/N Y COLOR
DISEÑO GRAFICO

Teléfono: 986 640 097
Móvil: 610 024 525

Cousiñas
TIENDA DE REGALOS Y SOUVENIRS
R/ Ordóñez, 14 baixo - TUI

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

- Refuerzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudio
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Alda de Galicia, 4- 1ª- PONTEAREAS. Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

Tui e Valena na Semana Verde de Silleda

Os Concellos de Tui e de Valena estiveron presentes na 47ª Feira Internacional Abanca Semana Verde de Galicia realizada en Silleda. O Alcalde tudense Enrique Cabaleiro destacou a continuidade na aposta polo promoci3n turística do municipio, tal e como se observou en FITUR en Madrid e na BTL de Lisboa. En Silleda, o stand tudense contou coa colaboraci3n da Asociaci3n do Traxe Tradicional de Tui.

Tui tam3n estivo presente na XI Fera de Fiestas de Interese Turístico, Festur 2025, salientando o patrimonio material e inmaterial a trav3s das Festas de San Telmo,



a igrexa de San Domingos, o Parque Natural Monte Aloia, a vella Ponte Internacional ou o Camiño Portugu3s a Santiago. No caso

da Eurocidade Tui-Valena destacou o patrimonio hist3rico e natural do r3o Miño e da ponte internacional.

950.000 euros da Deputaci3n para a humanizaci3n da r3a Corua

O deputado provincial Alejandro Lorenzo acaba de realizar unha visita a Tui onde remarcou que a Deputaci3n de Pontevedra investirá preto de 950.000 euros para financiar integramente a reforma total da r3a Corua. Lorenzo recordou que o organismo tiña xa comprometidos 712.400 € do Plan Extra para impulsar esta actuaci3n e anunciou que estes recursos ser3n complementados con outros 237.500 € da lia 1, de investimentos, do Plan +Provincia, que se aprobar3n este mesmo venres en Xunta de Goberno.

Estes fondos provinciais permitir3n a humanizaci3n da r3a Corua e dos seus anexos. Trátase dunha completa reforma onde os pe3ns ter3n prioridade coa dotaci3n dunha plataforma 3nica e percorridos m3is accesibles. Ademais da reparaci3n das acometidas con especial 3nfase na rede de pluviais e saneamento, procede-



rase 3 reposici3n do pavimento e 3 adaptaci3n da sinalizaci3n horizontal e vertical, renovarase o equipamento urbano e colocaranse novas luminarias LED. Tam3n se dotar3 dunha rede de emerxencia con acceso a auga e incorporaranse barreiras vexetais con especies arb3reas e plantas deco-

rativas, e os seus respectivos sistemas de rego e drenaxe. A actuaci3n completarase coa remodelaci3n das escaleiras que ascenden 3 r3a Foxo, creando un xard3n vexetal vertical, e coa recuperaci3n patrimonial do peto de 3nimas e do cruceiro no lado sur da v3a.

Relevo no Consello Auton3mico da Infancia e Adolescencia

O Concello de Tui estar3 representando no Consello Auton3mico da Infancia e da Adolescencia (CAIA) por Eva, integrante do grupo "ParTUIcipando", quen asumirá este cargo durante os vindeiros dous anos. Toma 3s3 o relevo de Adela, que foi a representante

tudense at3 o de agora. Este consello est3 integrado por trinta rapaces e rapazas de diversos concellos que contan con estruturas de participaci3n infantil e xuvenil, 3s3 como por representantes de entidades que traballan coa infancia e do sistema galego de protecci3n.

M3rito para Protecci3n Civil

Tres voluntarios da Agrupaci3n de Voluntarios de Protecci3n Civil de Tui recibir3n a medalla ao m3rito de protecci3n civil da Comunidade Aut3noma de Galicia na s3a ca-

tegor3a de prata por ter formado parte do continxente galego desprazado a Valencia, tras a DINA. En 2024, amais da intervenci3n en Valencia, realizaron 278 servizos cun total de 2.417 horas.

V Congreso EducODS

Do 3 ao 6 de xuño o Paseo da Corredoira de Tui acolleu o V Congreso EducODS organizado polo CEIP n31 e que conta coa colaboraci3n do Concello na que partici-

paron 1.200 alumnos dos 21 centros educativos de Infantil, Primaria e Secundaria en 3mbitos vinculados aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Ver3n "tecnol3xico e de aventuras"

O Concello de Tui oferta dous novos campamentos de ver3n, un Tecnol3xico para mozos e mozas de 3 a 12 anos; e outro de Aventuras para idades entre 7 e 14 anos,

que se suman ao Igual 3+, brindando 3s3 novas alternativas de lecer para a 3poca estival e facilitando a conciliaci3n no per3odo de vacaci3ns escolares.

Un 37% m3is de turistas que en maio de 2024

A Oficina de Turismo de Tui rexistrou en maio pasado un 37% m3is de turistas co respecto ao mesmo mes de 2024. En total foron atendidos 3.013 visitantes.

Os peregrinos internacionais (835) superan amplamente aos

procedentes de Espaa (359) destacando EEUU, Alemaa, Reino Unido, Canad3, Irlanda, Australia e Taiw3n. En canto ao turismo a nivel estatal lideran Madrid, Barcelona, Bisca3a, Valencia, Alacante, Las Palmas e Tenerife.

ALFESO
Asesor3a de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESI3NS
TODO TIPO DE XESTI3NS COAS INSTITUCI3NS P3BLICAS

Paseo Matut3no, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

forjados
hinos. duran s.l.



www.forjadosduran.com

BAIXO MIÑO

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Rafael Lores | Ex concelleiro e ex secretario xeral do PSOE de Baiona

“Os criterios para o recheio do Porto Deportivo de Baiona son do século pasado”

Rafael Lores foi concelleiro polo PSOE en dous períodos: 2003 a 2007; e 2015 a 2019. Na actualidade mobiliza diaria-

O goberno municipal quere levar a cabo o proxecto de recheio do porto deportivo. Como afecta a Baiona en materia ambiental e urbanística?

A nivel urbanístico está afectando no feísmo que hai actualmente no recheio. A nivel ambiental, dende que se fixo este proxecto no ano 2003, afectou negativamente aos nosos areais, coa correspondente perda de área principalmente na praia de Santa Marta, así como o cambio das correntes mariñas e a contaminación. Iso foi só co primeiro recheio. Co segundo recheio (que comezou o 19 de maio) vai ser moito peor. Estamos solicitando un estudo medioambiental independente sobre cales foron as consecuencias destes recheios.

Esta obra rematou en 2003. Por qué os gobernos municipais dende entón non avanzaron neste proxecto?

O proxecto comezou en tempos de Manuel Vilar como Alcalde (1995-1999) cos estudos medioambientais e a parte inicial do mesmo. As obras comezaron en 2001, xa co Alcalde Benigno Rodríguez Quintas, rematando no 2003. Unha empresa aeronáutica foi a que iniciou os traballos aínda que dende o Concello se fixeran informes favorables a outra empresa (Marina Meridional) pero ao final quen se fixo cargo foi a empresa Ronáutica co recheio de

mente unha serie de concentracións veciñais contra o proxecto de ampliación do porto deportivo de Baiona.

5.200m2. Xa daquela houbo oposición por parte dos vecinos, non tan grande entón como agora. Logo fixéronse 316 amarres na lámina de auga e Ronáutica, en 2008, anunciou que ía facer outro recheio, o que se está facendo agora, e que estaba contemplado no proxecto inicial.

O problema é que quen ten competencias sobre o que se fai nese recheio é o Concello de Baiona que, naquel momento non tiña un plan especial para o Porto. Polo tanto non existía ese instrumento urbanístico. Eran 4M€ de investimento e Ronáutica ía meter o recheio sen ningunha seguridade legal, toda vez o proxecto non era economicamente rentable. Así, Ronáutica deixou a concesión ademais de entrar en concurso de acreedores, collendo o proxecto outra empresa, Copasa.

Pero agora ese proxecto está dentro do plan urbanístico?

Agora sí porque o actual Plan Xeral é do 2015. Entón os usuarios do Porto comezaron a premer a Copasa porque fixeran uns ingresos importantes nas prazas de amarre e non tiñan os servizos polo que se contrataran. Denunciaron así á empresa concesionaria para pedirlle responsabilidades.

Copasa premeu entón a Portos de Galicia para que esa obra se faga e Portos de Galicia premeu de xeito urxente ao entón



Alcalde (Jesús Vázquez Almuíña) para que elaborara un Plan Especial do Porto, posteriormente aprobado en pleno. Fíxose todo moi rápido en maio de 2015, cando xa estaban convocadas unhas eleccións municipais e o goberno estaba en coalición. Polo tanto non está claro que ese Plan se poda impugnar. En 2023 aparece outra empresa, Nauplia Capital, que asume esta concesión pero co compromiso de Portos de Galicia de que se vaia a prorrogar esa concesión 23 anos mais tralo seu vencemento en 2029; quere dicir ata 2052. E a empresa acepta porque lle resulta rentable para recuperar ese investimento de 4M€. **O proxecto actual vai en consonancia coa Lei de Costas? Porque temos entendido que afecta á Rede Natura.**

Á Rede Natura pode afectar o que é a praia da Ladeira mais a desembocadura do río Miñor. Solicitamos eses informes para aínda non os temos. O que si temos claro que eses informes son do século pasado pero para este novo proxecto non temos información. Agora ben entendemos que esta nova obra estase facendo con criterios do século pasado.

Cre que hai privatización detrás?

Unha lámina de auga que é pública vaise pechar para un negocio de 220 prazas de aparcamento que se van a tarifar por minuto. É por tanto unha privatización por medio dunha concesión dun espazo público.

Implicará unha masificación turística para a vila?

Isto é unha actuación propia do século pasado. As liñas actuais van en dirección ao turismo sostible. Botar formigón ao mar é por tanto contradictorio co espazo natural existente en Baiona. Vai en contra das liñas estratéxicas turísticas de Europa e do mundo. É destruír o noso patrimonio natural para facer esplanadas de formigón, algo que non é atractivo para ninguén e vai traer desfeita e ruína para as vindeiras xeracións.

Tomando en conta que está convocando diariamente a mobilizacións, ten expectativas de conformar unha plataforma vecinal?

O primeiro que se fixo foi unha plataforma virtual, “Salvemos Santa Marta”. A partir de aí estamos estudando crear unha plataforma cívica para poder ter acceso legal.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

O pleno apoia a ampliación do novo Porto Deportivo de Baiona

O pleno extraordinario do Concello de Baiona celebrado este 21 de maio, a pedimento do grupo municipal socialista para debater sobre o proxecto de execución e finalización do porto deportivo, actualmente tramitado pola nova concesionaria Nauplia Capital S.L, aprobou finalmente a legalidade e transparencia na execución destas obras que comezaron o día 19 de maio. A sesión coincidiu co décimo aniversario da aprobación do Plan Especial do Porto de Baiona.

Previo á manifestación convocada polo BNG o pasado 13 de maio contra este proxecto, o Alcalde Jesús Vázquez Almuíña reuniuse cos representantes da em-



presa náutica Nauplia, Portos de Galicia, a Asociación Náutica Bahía de Baiona, a Asociación de Usuarios do Porto Deportivo e a Asociación de Pescadores, para explicar o alcance deste proxecto. **Mil sinaturas contra a ampliación**

Baixo o lema “Paremos a am-

pliación do Porto Deportivo”, o BNG de Baiona rexistrou máis de 1.000 sinaturas da veciñanza en contra deste proxecto ante “o desastre medioambiental e paisaxístico que vai supor esta ampliación de 4.200m² na nosa baía” acusando ao PP de apostar “por intereses contrarios ao medio ambiente”.

Irmandamento Nigrán-Cabo Verde

Cumprindo co compromiso adoptado en marzo pasado coa visita de José dos Reis, Alcalde da localidade caboverdiana de Tarrafal, o Concello de Nigrán aprobou en pleno o seu irmandamento con este municipio do arquipélago caboverdiano, coa abstención do PP.

O Alcalde de Nigrán, Juan González, quen tamén é presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade municipalista que realiza proxectos de cooperación en Cabo Verde, xa



visitar o municipio de Tarrafal, localizado na illa de Santiago. O Concello achegará 10.000€ para

a adquisición dun motor de bombeo e placas solares que beneficiarán a 24 familias de Tarrafal.

Retiran bandeira palestina do Monte Trega

O Concello da Guarda informou da retirada dunha bandeira de Palestina colocada no mástil do facho do Monte de Santa Trega argumentando que o mesmo “é de uso municipal dende tempo inmemorial”. No comunicado, o Concello aproveitou para condenar “enerxica-



mente todas as atrocidades cometidas contra o pobo palestino por parte do goberno israelí” toda vez informou que non retirou a pancarta de apoio ao pobo palestino colocada no Centro Cultural do Monte Trega ao ser este “un lugar onde diversos colectivos amosan as súas reivindicacións”.

Instalan colmeas na ladeira de Camos

O parque forestal Os Matos-Río Táboas, situado na ladeira de Camos, continúa medrando como ecosistema sostible grazas á colaboración entre o Concello de Nigrán e o Centro de Educación Especial (CEE) de Panxón. Puxeron en marcha un novo proxecto de apicultura educativa para fomentar a



biodiversidade e o equilibrio natural da zona.

A iniciativa consiste na instalación de oito colmeas, arredor de 250.000 abellas, favorecendo así a polinización e a fertilización natural do terreo. Este proxecto únese á colocación de caixas-niño para aves, realizada o pasado mes de febreiro.

Os orzamentos máis altos da historia de Baiona

O pleno municipal aprobou por maioría absoluta os orzamentos 2025, os “máis altos na historia de Baiona”, cun importe de 11.918.376,46€, un incremento do 6,34% orientado a investimento produtivo, benestar social e mellora dos servizos municipais tanto presencial como online.

Neste sentido crearase a Ofi-

cina de Atención Cidadá, aumentarán os investimentos en Emerxencia Social, humanización da Porta do Sol e Santa Liberata, melloras dos pavillóns de Baiona e Fontes, axilización dos pagos a provedores, licitación de servizos municipais, captación de axudas provinciais como o Plan Extra e un estudo arqueolóxico da península de Monterreal con fondos da Deputación.

O BNG denuncia a privatización de servizos

O voceiro do BNG de Baiona, Iago Pereira, denunciou “as políticas de constante privatización de servizos por parte do goberno do PP” adicándolle un 15%, case 1,8M€, dentro dos novos orzamentos aprobados en pleno municipal e que superan os 11M€.

Criticou que o goberno de Vázquez Almuíña pague un estudo sobre o servizo da recollida de lixo “coa idea de privatizar”. Denunciou tamén a eliminación de partidas do Fondo galego de cooperación local; o convenio



con AFAGA; e con diversos clubs deportivos como os de bolos celta, “un total de 12.000 €, que supuñan tan so un 0,1 % do orzamento”

BNG pide nova sede para o GES Val Miñor

O BNG presentou na Deputación de Pontevedra unha moción para que o goberno provincial se implique na dotación dunha nova sede para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do Val Miñor da man da Mancomunidade e da

Xunta. O grupo provincial explica que as actuais instalacións no Concello de Nigrán son insalubres e ademais teñen unha localización pouco operativa para facilitar as saídas en situacións de urxencia.

A langosta “manda” na Guarda



A Guarda celebrará do 4 ao 6 de xullo a XXXIII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira apostando por ampliar a capacidade da carpa a 1.200 metros e os 600 comensais, to-

mando en conta os excelentes datos de visitantes na edición 2024. Ademais dos 20 produtos e pratos mariñeiros, a festa terá unha proposta musical e lúdica para tódolos públicos.

MISCELANEA

Vigo aproba un novo PXOM

Con 19 votos a favor do gobernante PSdeG-PSOE, tres en contra (BNG) e cinco abstencións (PP), o pleno municipal de Vigo aprobou definitivamente este 26 de maio o seu novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), trala anulación do anterior en 2015 por parte do Tribunal Supremo.

De acordo a datos municipais este novo PXOM permitirá construír 50.000 vivendas “libres de especulación” e “case 15.000 con algún tipo de protección”. O plan contempla igualmente novos ámbitos comerciais como o de Bricomart na Avenida de Europa;



3,3M de m2 de superficie verde; a transformación da Praza de España; a autovía no túnel por Bembrive e o Hospital Álvaro Cunqueiro; escolas de música de

San Miguel de Oia e Bembrive, un novo espazo para o asociacionismo en Coruxo, instalacións e pavillóns deportivos, entre outros.

A RAG e a Xunta abordan un novo Pacto pola Lingua

O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, mantivo a súa primeira xuntanza oficial co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, para conversar sobre os traballos de revisión do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega e as conversas de cara a un novo pacto pola lingua. Neste apartado, a RAG avogou polo consenso para frear a perda de galegofalantes.



Tributo a Castelao de Vía Galega

A plataforma Vía Galega organizará o 27 de xuño no Panteón de Galegos Ilustres un acto tributo e posta en valor a Castelao como persoa fundamental na construción do nacionalismo galego, con motivo do 75 cabodano do seu falecemento.

Tereixa Navaza e Carlos Callón conducirán o acto e darán lectura a textos da obra de Castelao. A coral Solfa catará a Castelao, interpretando A Castelao, poema de Manuel María; Olla meu irmau honrado, poema de Celso Emilio Ferreiro; Lela, poemade Castelao

e Na morte de Castelao, poema de Ramón Cabanillas. Pilar García Negro disertará sobre O valor de Castelao no século XXI e rematará o acto cunha ofrenda floral na tumba de Castelao e a interpretación do Himno Galego.

AGDSP: “O SERGAS manipula as listas de agarda”

A Asociación Galega de Defensa da Sanidade Pública (AGDSP) emitiu un comunicado criticando as recentes declaracións do Conselleiro de Sanidade na que consideraba as listas de agarda do SERGAS como “razoables, cada vez menores, transparentes e unhas das mellores do Estado”.

A AGDSP considerou que o SERGAS “manipula e falsifica” esta realidade con dous tipos de listas: unha estrutural que se publican cada seis meses; e outra non estrutural nas que se acumulan ás persoas enfermas que rexeitan a proposta de intervención nun centro privado. Indicou igualmente que as listas de agarda

actuais “son maiores que antes da COVID” e que, segundo unha enquisa do INE 2017-2023, “Galicia é a segunda comunidade autónoma con unha maior porcentaxe da poboación que non ten acceso a asistencia sanitaria por culpa das listas de agarda, cun 18% máis co respecto ás demais CC.AA”.

0 galego na UE: sen unanimidade

O goberno español veuse na obriga de retirar polo de agora a proposta de oficialidade do galego, euskera e catalán como linguas oficiais dentro da Unión Europea. A plataforma dos partidos conservadores, liderada neste caso por Austria, premeu en Bruxelas por abortar momentaneamente esta petición impulsada

polo goberno de Pedro Sánchez aducindo o seu carácter “prematuro” así como as súas consecuencias en materia de encaixe legal e de impacto económico e práctico. Compre observar que o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, amosou estar en contra desta aprobación debido a que “lle parecía demasiado caro” en termos económicos.

Ponte...nas Ondas!, premio Rosalía de Castro



O xurado do Premio Rosalía de Castro de Lingua, impulsado pola Deputación de Pontevedra, decidiu nesta XVI edición, que o recoñecemento na categoría B, destinada a entidades que destaquen na promoción da lingua galega, foi para a Asociación

Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas!, que gaña o premio, segundo a resolución, “por constituir unha iniciativa educativa e cultural pioneira que leva promovendo, dende 1995, o uso da lingua galega en contextos reais, creativos e interxeracionais”.



Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

**CONCELLO
DE VIGO**

VIVIR VIGO

As nosas rías. As Illas Cíes.
Os parques forestais. A flora e a fauna.
O bo clima. Un Vigo transformado,
moderno, sostible e con servizos de alta
calidade.



VIGO, A MELLOR CIDADE PARA VIVIRvigo.org

Citic Group mira con atención á PLISAN

O Delegado do Estado da Zona Franca, David Regades, recibiu en Vigo a Xi Guohua, presidente de Citic Group, o holding chinés que ten na Granxa-O Porriño á súa filial Citic Censa, así como a súa cúpula directiva. No encontro tamén participaron o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, e o subdelegado, Abel Losada, así como a dirección da planta porriñesa de Citic, encabezada por Juan José Agulla.



Na reunión, os directivos de Citic Group coñeceron as opcións e vantaxes dos parques empresariais que xestiona a Zona Franca, con especial interese pola ampliación do PTL ou a PLISAN que poderían ser espazos adecuados para os plans de expansión de

Un lucense na Academia Europea das Ciencias e das Artes

A Academia Europea de Ciencias e Artes, asociación internacional non gobernamental comprometida coa promoción do progreso científico e social, elixiu como membro ao escritor lucense Claudio Rodríguez Fer na reunión do seu senado celebrada o 14 de maio de 2025. Rodríguez Fer é autor dun cento de obras como poeta, narrador, autor teatral e ensaísta. A cerimonia de ingreso terá lugar en Salzburgo (Aus-



tria), onde está radicada a asociación, na sesión plenaria do 7 de marzo de 2026.

Xunta e Celta de Vigo apostan pola FP

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP da Xunta, Román Rodríguez, e a presidenta do Celta de Vigo, Marián Mouriño, asinaron un convenio de colaboración empresarial en materia de FP para o impulso da formación dos mozos a través do deporte.

O Celta porá a disposición dos centros educativos que imparten estas ensinanzas as súas instalacións, a Cidade Deportiva Afouteza e o proxecto GS360 para que os



estudantes poidan realizar os períodos de formación en empresa. Ao mesmo tempo, tamén se abre a posibilidade de futuras colaboracións específicas na modalidade de FP Dual Intensiva.

Piden crear a Rede Ibérica de AECT

Vigo acolleu os días 3 e 4 de xuño a III Xuntanza das AECT ibéricas, organizada pola AECT Galicia-Norte de Portugal, na que instaron a un maior recoñecemento político e operativo no desenvolvemento da cohesión territorial e da cooperación transfronteiriza.

Na Declaración final pediron a creación Rede Ibérica de AECT e dunha Plataforma Europea de AECT como representación unificada baixo os auspicios da Comi-



sión Europea e do Comité de Rexións; o recoñecemento oficial dentro das Interreg e outros mecanismos de cooperación; a participación activa nos tratados e estratexias de cooperación dos Estados membros; unha maior descentralización de fondos europeos e aumento dos orzamentos en cooperación territorial; e a adopción do Estatuto dos Traballadores Transfronteirizos, entre outras iniciativas.

“Alba de Gloria” reivindica o galego ante a UNESCO

O presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, participou en Muras na preparación do envío á UNESCO dun exemplar numerado da primeira edición do discurso “Alba de Gloria” de Castelao pertencente á biblioteca da pedagoga Antía Cal e do oftalmólogo galeguista Antón Beiras. O acto, convocado polo Legado Activo Beiras Cal, contou co alumnado do colexio que leva o nome da educadora, pioneira do ensino en galego. Os nenos e nenas desta escola de Muras



asinan unha das tres cartas que chegarán canda o volume á organización internacional para lle solicitar apoio ás medidas a prol da lingua galega.

105€ de aforro por familia en libros de texto

O Consello da Xunta aprobou a proposta do presidente Alfonso Rueda, de rebaixar na declaración do IRPF a compra de libros de texto e de material escolar para o vindeiro curso académico 2025-2026. O conselleiro de Educación, Román Rodríguez,

informou que as familias galegas poderán aforrar ata 105€ por fillo ao desgravar ata un 15% do IRPF nestes gastos. Esta rebaixa aplicarase sobre o importe das facturas polas compras de material escolar e libros de texto realizadas entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2025.

GASOLEOS TEA S.L.
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL

CONFITERIA Regino
Especialidade en rosquillas e melindres
Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.
Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834